

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15008805	CEIP de Melide Nº 1	Melide	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 5º de E.Primaria do CEIP Nº1 de Melide da Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna,

o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comuñón. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O amor en acción.	Recoñecemos e estimamos que Deus creou ás persoas con desexo de ben. Valoramos a importancia que ten o amor solidario no crecemento persoal e na felicidade. Os problemas sociais de hoxe en día, coñecendo o labor das ONG para entender a axuda en acción. O valor da solidariedade como exemplo de amor.	14	5	X		
2	A Alianza, Deus elixe a un pobo.	Traballaremos o término " Alianza", a través da vida de Abraham e Moisés, comprendendo e respectando as características do pobo que Deus quere contidas no Decálogo.	14	5	X		
3	Chega o Nadal!	O nacemento de Xesús alegra o corazón das persoas. Os Reis Magos. A riqueza cultural do Nadal. Elaboración de manualidades propias destas datas.	14	4	X		
4	A Biblia, un libro para vivir.	Valoramos a Biblia pola súa importancia relixiosa, cultural e histórica. Distinguimos e coñecemos os diferentes tipos de libros do Antigo e Novo Testamento, autores e momentos da historia en que se compuxo a Biblia.	16	6		X	
5	Encontro con Xesús.	Valoramos e recoñecemos a vida de Xesús como unha vida de entrega, sacrificio e salvación. Os milagres de Xesús como acción de Deus. Coñecemos símbolos relixiosos na Eucaristía	14	5		X	
6	A Resurrección e Eucaristía.	Entendemos e reflexionamos que Deus rescata a Xesús da morte. Identificamos o vínculo que existe entre a Última cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo. Recoñecemos nos relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.	14	5			X
7	Unha gran casa, pasa e participa.	Coñecemos a orixe da Igrexa, respectamos a súa composición e valoramos a súa misión hoxe en día.	14	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O amor en acción.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razona, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de coñecer o labor das ONG.	PE	25
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo.	TI	75
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algún principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellar da convivencia e o coidado do planeta.		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinas.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> <li>- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A Alianza, Deus elixe a un pobo.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo e nos demais.	PE	25
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos.	TI	75
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade, desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo máis humano e igualitario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> <li>- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Chega o Nadal!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxe comunicativas a identidade persoal, desde a visión Cristiá, e valora a igualdade e pluralidade.	TI	100
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión Cristiá, e valora a igualdade e pluralidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
4	A Biblia, un libro para vivir.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo mais humano e igualitario.	PE	25
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguas comunicativas a identidade persoal, desde a visión Cristiá, e valora a igualdade e pluralidade.	TI	75
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, depois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se podería aplicar na nosa contorna.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo e nos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> </ul>

Contidos
- Aprecio do diálogo intercultural e interreligioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
5	Encontro con Xesús.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes máis importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica.	PE	20
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo.	TI	80
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se podería aplicar na nosa contorna.		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade, desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo máis humano e igualitario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividadeas, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.</li> <li>- O Credo da Igrexa católica.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	A Resurrección e Eucaristía.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algún principios da ética Cristiá para promover actitudes que impulsen a mellar da convivencia e o coidado do planeta.	TI	100
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, depois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se podería aplicar na nosa contorna.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo e nos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Unha gran casa, pasa e participa.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo mas humano e igualitario.	PE	25
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade.	TI	75
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algún principios da ética Cristiá para promover actitudes que impulsen a mellar da convivencia e o coidado do planeta.		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> </ul>

## Contidos

- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.
- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquiera as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

#### a) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste

especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

. Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

. Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas

. Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía

. Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

. Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, ¿Enseño básico¿ sinalase ¿Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (¿,) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe¿.

b) O AGRUPAMENTO DOS GRUPOS

- Gran grupo.

- Pequeno grupo.

- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso tras a recuperación da pandemia por Covid-19, establecerínos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade.

#### c) A ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso, seguindo o indicado nos protocolos COVID, se os seguise a haber, e, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC)
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinalase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...

Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TIC e TAC): ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app "Biblia infantil", CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual e blogue, o robot escornabot e gafas de Realidade Virtual, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas

dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

**Materiais diversos:** que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

**Recursos persoais ou humanos:** Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

**Material funxible variado:** lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na pdi.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha avaliación inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	25	25	0	25	20	0	25	<b>17</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	75	75	100	75	80	100	75	<b>83</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros



Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiránme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal: 45%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 32%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula + 8%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de *avaliación continua*, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

#### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI.. con propostas sinxelas de reforzo...

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual. TIC e TAC.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o respecto ao medio ambiente.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Fomento do espírito científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.14 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer.		X	X	X	X		X

### Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de E-A:

- \* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- \* Igualdade entre mulleres e homes.
- \* Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- \* Competencia dixital
- \* O fomento da creatividade no alumnado
- \* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- \* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- \* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- \* Expresión oral e escrita, positivas
- \* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
- \* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- \* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- \* Educación emocional e en valores
- \* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Manualidades relacionadas co Advento e Nadal: coroa e calendario de advento, postais, anxos, adornos....	Realización destas actividades con distintos materiais: eva goma, cartulinas, material de refugallo, papeis de cores,.....	X		
Canto de panxoliñas	Recollida de panxoliñas da zona e de canto de Reis	X		
Construímos pasos de Semana Santa e Pascua	Material non decidido polo momento		X	
Dramatización de relatos bíblicos	Representación de parábolas : parábola do Fillo Pródigo, A ovella perdida e Bo Samaritano			X

### Observacións:

As actividades complementarias que propoñe serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaran un ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Traballo en equipo con outros mestres/as
Tento facer as clases amenas e motivadoras
Consigo que o alumnado traballe en equipo
Emprego de ferramentas TIC
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos
Utilizo medidas de atención á diversidade
Avalío constantemente miña propia práctica docente

#### Descrición:

##### PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

##### INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

##### \* Avaliación da programación:

- .Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?
- .Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- .Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC e TAC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve

a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír ou proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

- \* Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.
- \* Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo
- \* Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais) en,
  - Fichas de actividades e xogos de cada U.D.
  - Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre
  - Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo
  - Traballo cooperativo
  - Manualidades, pasatempos
  - Xogos de mesa, de creatividade,

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaremos no programa XADE cada trimestre.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

### PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

- \* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.
- \*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

- \* Preparación da clase e dos materiais didácticos
  - Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
  - Existe unha distribución temporal equilibrada.
  - O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
  
- \* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)
  - A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
  - A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
  - Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)
  
- \* Regulación da práctica docente
  - Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
  - Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
  - Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
  
- \* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias
  - Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
  - Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
  - Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
  - Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
  - Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
- \* Aos alumnos.
- \* Ás familias.
  
- \* Utilización de medidas para a atención á diversidade
  - Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
  - As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
  - Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## 9. Outros apartados